

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 479/2016****COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL PARA A ADXUDICACIÓN DE VIVENDAS EN CARITEL**

En data 30.04.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 154/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

En datas 19 e 24.08.16 reuniuse a mesa e decidiuse o requirimento de diversa documentación ó licitador que posteriormente presentou en data 25 e 26.08.16.

Á vista do informe de Servizos Sociais de 26.09.16.

Dado que nos Pregos, na cláusula 6, establece a composición da Mesa de contratación, por isto, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e que no artigo 14 na Lei 30/92 establece "*Avogación. 1. Os órganos superiores poderán avogar para si o coñecemento de un asunto cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación ós seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente*" e á vista do exposto e das competencias establecidas na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

Primeiro: Avogar puntualmente a competencia delegada por Resolución de Alcaldía nº 228/2015 na Xunta de Goberno Local en data 15.06.15.

Segundo: A composición da Mesa de contratación queda como segue:

- Presidente: O Sr. Alcalde, D. Andrés Díaz Sobral, ou persoa en quen delegue.
- Secretaria do Concello: A Sra. Secretaria, D^a M^a Beatriz del Cerro del Río, ou persoa en quen delegue.
- Interventora municipal: A Sra. Interventora, D^a Maruxa Cabaleiro Cuñías ou persoa en quen delegue.
- Traballadora Social do Concello: D^a Ana M^a Pazos Sánchez.
- Educadora Social do Concello: D^a Eva María Moldes Casal.
- Unha secretaria: funcionaria dos servizos xerais, D^a Celia Rodríguez Adán.

Terceiro: A Mesa de contratación procederá, en sesión non pública, á cualificación da nova documentación e do informe de Servizos Sociais, o día 07.10.16 ás 10:00 horas na Casa do Concello.

Cuarto: Que se publique o presente no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

Ponte Caldelas, 6 de outubro de 2016

O Alcalde,

Asdo. Andrés Díaz Sobral